



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA Ó PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Dona María Pilar García García	BNG
Don José Brenlla Castiñeira	BNG
Don Germán Pérez Freire	BNG
Dona Natalia Espasandín Pazos	BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo	BNG
Don Manuel García Velo	BNG
Don David Rial Montes	PP
Don José David Gómez Brandariz	PP
Don José Martín Cundíns Suárez	PP
Dona Sheila Rial Mata	PSOE

Secretaria:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 30.01.2026

En Zas, o día 30 de xaneiro de 2026, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde Don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión ordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 28.11.2025

Sometida a votación, apróbase por dez votos a favor (seis do grupo do BNG, tres do grupo do PP e un do grupo do PSOE) e unha abstención de D. Manuel García Velo.

SEGUNDO.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 29.12.2025

Sometida a votación, apróbase por dez votos a favor (seis do grupo do BNG, tres do grupo do PP e un do grupo do PSOE) e unha abstención de D. Manuel García Velo.

TERCEIRO.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 14.01.2026

Sometida a votación, apróbase por dez votos a favor (seis do grupo do BNG, tres do grupo do PP e un do grupo do PSOE) e unha abstención de D. Manuel García Velo.

CUARTO.- Dación de conta dos Decretos da alcaldía

O Sr. Alcalde da conta dos decretos ditados e o Pleno dáse por enterado.

QUINTO.- Aprobación, se procede, da encomenda de xestión para a selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde da lectura á proposta e a explica brevemente,

“Visto o borrador do Convenio interadministrativo de cooperación tipo entre a Deputación Provincial da Coruña e os concello de menos de 20.000 habitantes co obxecto de habilitar a posibilidade de encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitectos/a técnico/a a esta Deputación, que ten entrada por rexistro xeral do Concello do día 07.10.2025.

Visto que se require a aprobación polo órgano municipal competente, dado que resulta de evidente interese para esta Corporación debido á falta de medios propios para poder realizar os procesos de selección dos arquitectos/as técnicos/as.

En uso das competencias atribuídas ao Pleno polo artigo 47.2 letra h da Lei 7/1985, de 2 de abril que esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción de acordos en materia de transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas e polo que propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a encomenda de xestión da selección de funcionarios interinos, do Concello de Zas, para os postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación da Coruña.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización da encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, según o modelo aprobado.”

Ningún dos voceiros toma a palabra.

Sometido a votación, por unanimidade do número legal de membros da corporación (7 votos a favor do grupo do BNG, 3 votos a favor do grupo do PP e 1 voto a favor do grupo do PSOE). adóptase o seguinte acordo,

“PRIMEIRO.- Aprobar a encomenda de xestión da selección de funcionarios interinos, do Concello de Zas, para os postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación da Coruña.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización da encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, según o modelo aprobado.”

SEXTO.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere tomar a palabra.

Toma a palabra o voceiro do grupo do PP D. David Gómez Brandariz e formula os seguintes rogos e preguntas,

- Pode explicar o convenio que se asinou co Concello de Cee con relación á celebración das probas PAU 2020/2025

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica, que antes corría cos gastos o Concello de Cee para manter unhas probas da PAU descentralizadas e que os rapaces non teñan que ir ata Coruña, pero como se incrementaron moito os custes, convocaron a outros Concellos para asinar un convenio e sufragar os custes porque eles sos non podían mantelo.

- Asinouse un decreto dunha orde de execución, ¿pode explicar como se atopa o expediente?



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde explica, que se falou cos propietarios e que van a cortar e limpar a finca.

-Pode explicar de que vai o decreto de modificación do proxecto de mellora de pistas para o POS?

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica, que da cumprimento a un requirimento da Deputación que esixía uns cambios pero non era nada esencial.

-Queríamos saber o custe da nova web.

O Sr. Alcalde contesta, que uns 10.000 euros aproximadamente e foi subvencionado polo GDR.

-En que data se estima que estará listo o orzamento?

O Sr. Alcalde contesta que pronto, polo tema da RPT, esperemos que en febreiro.

-En que estado se atopan as obras do campo de fútbol?

O Sr. Alcalde contesta, que mentres non deixe de chover non podemos acabalas.

-Temos algunha novidade do Policía Local?

O Sr. Alcalde contesta que coa aprobación da RPT súbeselle o salario e esperamos, que con ese incentivo poidamos encontrar algún policía que veña en comisión de servizos.

-Rogamos que a estrada que vai dende A Piolla a Brandomil que se se pinte.

O Sr. Alcalde contesta, que o realizarán cando deixe de chover.

-Rogamos que se arranxen as aceiras de Zas.

O Sr. Alcalde toma nota.

Toma a palabra a voceira do grupo do PSOE e formula as seguintes preguntas e rogos:

- En que estado se atopa a obra do campo de fútbol?

O Sr. Alcalde da por contestada esta pregunta

- Pode explicar a programación do Carnaval?

O Sr. Alcalde contesta, que sacaremos agora o programa onde ven todo detaiado.

- Canto se está a pagar a empresa que leva as redes sociais do Concello?

O Sr. Alcalde contesta, que acabamos de cambiar de empresa, así que o teño que consultar.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 13.20 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

VºPr.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

O Alcalde

Isabel Outeiriño Sánchez

Manuel Muíño Espasandín